

A continuación, infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 28 de novembro de 2013 na Sala de Xuntas da Reitoría, que poden ser do seu interese:

- Aprobación da acta da sesión ordinaria do 29 de outubro de 2013.
- Aprobación dos criterios para a selección de corpo docente e áreas de coñecemento para a convocatoria de prazas de PDI funcionario no ano 2013.
- Aprobación da proposta de membros da Comisión de Internacionalización Lingüística.
- Aprobación da proposta de membros da Comisión de Mobilidade Internacional.
- Ratificación do plan de estudos do ciclo de Especialización do Programa de Maiores das Aulas Abertas da Universidade de Vigo.
- Aprobación da creación e participación das empresas Biotecnogal, SL e Volta Space SL como EBT da Universidade de Vigo.
- Desestimación do recurso de alzada presentado por D. Roberto Pereira Moreira contra o acordo do Consello de Departamento, de 10 de maio de 2013, onde se aprobou o POD do Departamento de Fundamentos da Análise Económica e Historia e Institucións Económicas.
- Execución da sentenza do TSXG, de 16 de outubro de 2013, pola que se anula o acordo do Consello de Goberno, de 26 de xaneiro de 2012, no que non se otorgou o premio extraordinario de doutoramento a D. Gonzalo Astray Dopazo.
- Aprobación do Regulamento de réxime interno do Dpto. de Química Física.
- Aprobación dos seguintes convenios: Acordo de cooperación académica entre a *Universidade de São Paulo* (Brasil) e a Universidade de Vigo – Convenio cooperación académica entre a *Universidade de São Paulo* (Brasil) e a Universidade de Vigo para o intercambio de docentes/investigadores, estudantes e membros do equipo técnico-administrativo – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e *Samara State Aerospace University* (Rusia) – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e *Samara State Aerospace University* (Rusia) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Institución Universitaria Politécnico Grancolombiano*.

Vigo, 28 de novembro de 2013  
A Secretaria Xeral

M<sup>a</sup> Inmaculada Valeije Álvarez